

## TEMA 1. Introducción: Que é un proxecto globalizado?

Nestes últimos anos cada vez en máis dos centros educativos de Galicia atopamos unha metodoloxía de traballo innovadora, integradora e sobre válida todo globalizadora.

É o chamado popularmente como “traballar por proxectos” que máis tecnicamente denomínase ABP: Aprendizaxe Baseada en Proxectos ou en inglés *PBL (Project-Based Learning)*.

A ABP basease en cambiar o punto de vista e acción que desenvolve o alumnado ao traballar algún contido no que pasa de ocupar un punto de vista moderadamente pasivo a ser o motor fundamental durante todo o proxecto, desde a súa escolla ata a resolución final e presentación.

Precisamente esta é unha das características fundamentais e que diferencian a ABP doutras metodoloxías: o alumnado ten control sobre o proxecto durante todas as fases que compoñen dito proxecto e isto fará que adquiran novas destrezas en principio alleas aos contidos “teóricos” do proxecto como poden ser a colaboración (entre eles, co mestre, con outros participantes alleos, etc.)

Podemos dicir que todo proxecto comeza con dous puntos fundamentais:

- Unha pregunta xeradora, que non debe ter unha resposta simple que poda ser resolta cunha mera consulta en Internet ou o libro de texto.
- Unha análise previa por parte do docente no que se comprobará a idoneidade do futuro proxecto, a posibilidade real do alumnado para chegar a resolvelo positivamente, etc

Así mesmo podemos engadir que para que este proxecto quede resolto dun xeito positivo son fundamentais estes dous puntos:

- Que o alumnado estea interesado no contido do proxecto e que vai ser útil para eles
- Que o proxecto teña un valor educativo e formativo claro

Considerase que esta metodoloxía xurdiu a finais do século XIX nos Estados Unidos de América da man do pedagogo William H. Killpatrick que no seu ensaio de 1918 “The Project Method” estableceu os seus principios fundamentais, aínda que tamén se considera que desde 1850 xa se viña traballando por proxectos en escolas de arquitectura como as de Roma e París.

Desde 1850 a APB pasou por diferentes etapas a medida que ia evolucionando e pasaba do ámbito universitario e profesional a escola pública ata que en 1965 e ata a actualidade, dáse unha onda de expansión desta metodoloxía que chega ata agora.

A APB actual que podemos levar a cabo nos centros educativos ten dous obxectivos claros:

- Formar persoas capaces de interpretar e afrontar os fenómenos e acontecementos

que ocorren ao seu arredor.

- Desenvolver a motivación cara a busca e produción de coñecementos dado que a través de atractivas experiencias de aprendizaxe que involucran aos estudantes en proxectos complexos e do mundo que se desenvolven e aplican habilidades e coñecementos

Temos que ter en conta que o alumnado involucrase en problemáticas reais de distintas áreas e que realmente a pregunta que elaboramos como docentes para dar partida ao proxecto é unha pregunta aberta.

Como dixemos anteriormente a colaboración entre alumnado, mestre, outro persoal do centro e persoas involucradas dalgún xeito no proxecto e continuo o que podería parecer unha contraposición con que a APB resalte a independencia dos estudantes pero ao estar todos os participantes no proxecto involucrados e ser coñecedores da metodoloxía (aínda que sexa unhas nocións básicas aportadas polo docente) teñen moito máis presente a necesidade dos “investigadores” de acadar os contidos necesarios por si mesmos.

Dentro de todo proxecto hai varias fases e elementos que nomeamos brevemente a continuación pero que formarán os contidos do vindeiro tema 3, onde deseñaremos o noso proxecto:

- Pregunta inicial (*Driving Question*)
- Análise por parte dos alumnado de que saben xa desta pregunta inicial e que máis precisan saber desta.
- Fase de investigación
- Presentación dun produto concreto
- Avaliación final do proxecto

Como ven sabedes polo título desta formación non é un curso dedicado exclusivamente a APB senón que integraremos esta forma de traballar coas novas tecnoloxías e en especial ca Aprendizaxe Electrónica Móbil. Trataremos este punto no vindeiro tema.